

Convenio entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia e a Agencia Estatal Consejo Superior de Investigaciones Científicas, M.P. (CSIC), para a realización nos institutos, centros e unidades do CSIC dos períodos de formación en empresa no ámbito da Formación Profesional

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xeral de Formación Profesional da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional,

INFORMA:

Que esta Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional ten previsto formalizar coa Agencia Estatal Consejo Superior de Investigaciones Científicas, M.P. (CSIC), o instrumento convencional arriba referido cun período de vixencia catro anos, contados desde o día seguinte ao da súa inscrición en REOICO.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O establecemento dun marco xeral de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia e o CSIC, para que o alumnado matriculado nos centros autorizados de formación profesional da nosa Comunidade Autónoma poida realizar nos distintos institutos de investigación, centros e unidades do CSIC os períodos de formación en empresa ou organismo equiparado requiridos no ámbito da formación profesional, tanto no seu réxime de oferta xeral como intensivo e nas súas distintas modalidades (modular, dirixida a colectivos específicos e formación profesional para o emprego).

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:



1. Que, o CSIC é un Organismo Público de Investigación (OPI) da Administración Xeral do Estado, actualmente adscrito ao Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades a través da Secretaría Xeral de Investigación, que ten por obxecto o fomento, a coordinación, o desenvolvemento e a difusión da investigación científica e tecnolóxica, de carácter multidisciplinar, co fin de contribuír ao avance do coñecemento e ao desenvolvemento económico, social e cultural, así como á formación de persoal e ao asesoramento a entidades públicas e privadas nestas materias de acordo co establecido no artigo 4 do Estatuto do CSIC, aprobado polo Real Decreto 1730/2007, de 21 de decembro (BOE 14/01/2008).

O CSIC ten entre as súas funcións a de "formar persoal científico, técnico e de xestión da ciencia e a tecnoloxía, así como colaborar coas universidades na investigación científica e tecnolóxica e nas ensinanzas especializadas e de postgrao".

2. No Decreto 138/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, atribúelle, entre outras, o exercicio das seguintes competencias e funcións: en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades; a coordinación do sistema universitario, o fomento e vertebración das políticas de innovación nas administracións públicas galegas, e o apoio e impulso do crecemento e da competitividade das empresas galegas, a través da implementación e coordinación de estratexias e programas de I+D+i para a transferencia do coñecemento.

A Dirección Xeral de Formación Profesional é o órgano directivo da Administración xeral da Comunidade Autónoma ao cal lle corresponde exercer as competencias e funcións que se lle atribúen á Xunta de Galicia en materia de formación profesional, incluída a súa ordenación educativa, así como da xestión dos programas educativos que se desenvolven nos centros que impartan formación profesional, todo iso en coordinación con outras consellerías con competencias na materia, especialmente coa Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

3. Na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, que establece que a formación profesional comprende o conxunto de accións formativas que capacitan ao seu alumnado para o desempeño cualificado das diversas profesións, o acceso ao emprego, a participación activa na vida social, cultural e económica, e a adquisición e actualización permanente das competencias profesionais.



4. Na Lei Orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de ordenación e integración da Formación Profesional, que constitúe e ordena o sistema único e integrado de formación profesional.

- No seu artigo 55 establece que “toda a oferta de formación profesional dos Graos C e D vinculada ao Catálogo Nacional de Estándares de Competencias Profesionais terá carácter dual, incorporando unha fase de formación en empresa ou organismo equiparado”, engadindo que “a fase de formación na empresa terá unha duración mínima do 25 % da duración total prevista da formación e deberá realizarse no seo dunha ou varias empresas ou organismos equiparados, públicos ou privados, pertencentes ao sector produtivo ou de servizos que sirva de referencia á formación”.

A regulación do Sistema de Formación Profesional establece que todas as ofertas de formación profesional de Grao C, D e, no seu caso, E conducentes á expedición dun Certificado Profesional, un Título de Formación Profesional, un Título de Especialista ou un Máster de Formación Profesional, efectuaranse, con carácter dual, baixo un dos seguintes dous réximes de oferta:

- Réxime xeral (artigo 66), cando a duración da formación na empresa ou organismo equiparado sexa entre o 25 % e o 35 % da duración total da formación ofertada e non exista contrato de formación na empresa.
 - Réxime intensivo (artigo 67), cando a duración da formación na empresa ou organismo equiparado sexa superior ao 35 % da duración total da formación ofertada e si exista contrato laboral de formación coa empresa.
- No seu artigo 82 que establece que “as empresas ou organismos equiparados, incluídas as administracións públicas, que contén coa capacidade precisa para o efecto e asuman a súa corresponsabilidade na formación de estudantes e persoas traballadoras poderán participar en actividades formativas do Sistema de Formación Profesional”; e a tales efectos, o CSIC -como “empresa ou organismo equiparado”- estrutúrase en institutos de investigación, centros nacionais, unidades e órganos de dirección e apoio á investigación (ICU) de ámbito multidisciplinar e diseminados por todo o país, con capacidade para exercer de “centros de traballo” no que poidan desenvolverse as actividades de formación titorizada no marco das ofertas de formación profesional.

5. Na normativa de desenvolvemento de FP, tanto estatal como autonómica, que prevé que a colaboración das “empresas ou organismos equiparados” (o CSIC neste caso) no



desenvolvemento dos períodos de formación na empresa, que prevexan os distintos programas formativos dos centros de formación profesional, se articulen a través dos formularios e documentos previstos na normativa aprobada polas administracións competentes en materia de formación profesional.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela.

